

**Acta núm. 12/2025.  
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local  
do 15 de xullo de 2025.**

**ASISTENTES:**

Sandy Marie Cebal Gómez.  
José Antonio Vidal González.  
Carlos Noya Pereira.

**Non asisten:**

Pablo Lago Sanmartín.  
María Rosa Romero Fariña.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 15 de xullo de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside a 1ª tenente de alcalde Sandy Marie Cebal Gómez, en substitución da alcaldía, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 11/2025, DO 01/07/2025.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.
- 3º) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 4º) COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).
- 5º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 6º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 7º) MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 8º) CAMBIO DE TITULARIDADE DE VAO PERMANENTE.
- 9º) ROGOS E PREGUNTAS.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 11/2025, DO 01/07/2025.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 01.07.2025, acta núm. 11/2025.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.**

**a)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JESÚS FILIBERTO REY VÁZQUEZ, na que comunica que vai pintar as fachadas do edificio onde se empra a vivenda nº 76 da Avenida de Santa Minia – Brión.

A parcela (referencia catastral 6262215NH2466S0001UO) onde se pretenden executar as obras sitúase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1, e atópase afectada pola proximidade dunha serie de elementos de interese cultural.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 30.06.2025 (expediente XTC-2025-1346.AUI), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Cumprirase a condición recollida na resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 30.06.2025 (expediente XTC-2025-1346.AUI):

- a) O acabado deberá ser pintado, prohibindo o acabado en imitación pedra.

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 56,00 euros.

Total: 56,00 euros.

**b)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA CAAMAÑO CASTRO, na que comunica que vai pintar en cor branca as fachadas da vivenda nº 4 da Rúa da Fonte – Alqueidón. A parcela (referencia catastral 6746206H2464N0001WD) onde se van executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano polo PXOM, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2, e sitúase na aldea de Alqueidón que está dentro do inventario de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave (AE2), así como na proximidade de varios elementos catalogados, e en base ao artigo 45, apartado 2.a da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 8,00 euros.

Total: 8,00 euros.

**c)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por EDGAR CARLOS VERDE MARTÍNEZ, na que comunica que vai repicar o morteiro que reviste o muro de mampostería de pedra da fachada oeste da vivenda sita no lugar de O Rial nº 7 – Os Ánxeles, para posteriormente proceder á limpeza e encintado da mesma.

A edificación (referencia catastral 8442801NH2484S0001AY) na que se van executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo

363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 17,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 81,57 euros.

**d)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ ÁNGEL FERREIRO ABETE, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Aguiar nº 4 – Brión, substituíndo a cobertura existente por outra nova das mesmas características (tella cerámica curva).

A vivenda (referencia catastral 6468301NH2466N0001LQ) onde se pretenden executar as obras, aínda que está numerada co número 4 do lugar de Aguiar, sitúase dentro da delimitación do núcleo tradicional de Brans de Arriba, clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 30,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 94,57 euros.

**e)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PILAR RIVAS MOSQUERA, na que comunica que vai executar obras de reparación da cuberta da edificación sita en Soigrex nº 17 – Os Ánxeles. As obras e executar afectan só a parte da cuberta (95 m<sup>2</sup>) e consisten en substituír a actual cobertura de tella cerámica por outra nova de similares características.

A parcela (referencia catastral 6743601NH2464S0001RZ) onde se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 e sitúase dentro da zona de afección do cruceiro de Soigrex, integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, coa clave (AC8), e en base ao artigo 45, apartado 2.a da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 201,50 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 266,07 euros.

**f)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada YOLANDA GONZÁLEZ VILLAR, na que comunica que vai executar obras de limpeza e pintado de fachadas e limpeza de canalóns na vivenda sita no lugar de Liñares 43 – Brión.

A edificación (referencia catastral 5948305NH2454N0001QO) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As fachadas deberán quedar pintadas en tons preferentemente claros, consonte co establecido no artigo 91 da Lei do solo de Galicia.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 30,40 euros.

Total: 30,40 euros.

**g)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Ramón Villaverde Martínez, que di actuar en representación de MARÍA DOLORES SOTO SEARA, na que comunica que vai substituír de xeito parcial as carpinterías exteriores da vivenda sita na Urb. Monte Devesa nº 3 – Os Ánxeles, por outras novas de similares características (PVC).

A edificación (referencia catastral 6246105NH2464N0001YD) na que se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM, (UC-3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 120,70 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 185,27 euros.

**h)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por BELLO CAMIÑO 2022, S.L., na que comunica que vai executar obras de mellora na cuberta da vivenda sita en Sabaxáns nº 28 – Bastavales, consistentes en:

- Substituír a cobertura actual da vivenda por outra de similares características (tella cerámica).
- Instalar canalóns na cuberta e baixantes.
- Instalar dúas tapas, en chapa de pedra de 5 cms de espesor, nas chemineas existentes da cuberta.

A parcela (referencia catastral 8314108NH2481S0001TQ) na que se pretenden executar as obras, atopase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 247,68 euros.
- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 312,25 euros.

**i)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA ERMITAS RIVAS MOSQUERA, na que comunica que vai limpar con auga a presión parte da cuberta (100 m<sup>2</sup>) da vivenda sita no lugar de Soigrex nº 17 – Os Ánxeles.

A parcela (referencia catastral 6743601NH2464S0001RZ) na que se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 e sitúase dentro da zona de afección do cruceiro de Soigrex, integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM coa clave (AC8), e en base ao artigo 45, apartado 2.a da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

**j)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARCELINO RODRÍGUEZ VILAS, na que comunica que vai reformar a fachada noreste da vivenda nº 21 de Saime – Bastavales, revestindo a mesma con panel tipo “sandwich” con acabado de chapa pregada en cor branca. Tamén se pretende reparar a soleira que rodea a vivenda (225 m<sup>2</sup>), aplicando un novo formigón.

A edificación (referencia catastral 5331603NH2453S0001LM) na que se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área non consolidada pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 66,40 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 130,97 euros.

**k)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JORGE BARREIRO RODAS, na que comunica que vai instalar placas fotovoltaicas (8) para autoconsumo e así mellorar a eficiencia enerxética da vivenda situada na Avenida de Santa Minia nº 21, Pedrouzos - Brión. A instalación consonte coa documentación asinada por José Luis Carlín Rey ten dúas localizacións distintas, 4 módulos instalaranse de xeito coplanario sobre a cuberta do garaxe anexo á vivenda (20º) e os outro 4 módulos sobre o peche lateral da parcela, sen alterar a configuración do mesmo.

A parcela (referencia catastral 6156609NH2465N0001DU) na que se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 45,97 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 110,54 euros.

**l)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PABLO LAGO SANMARTÍN, na que comunica que vai executar obras de acondicionamento no local sito na Avda. de Noia 20 – Os Ánxeles, para a ampliación da actividade de estanco.

Con data 29.05.2012 a Xunta de Goberno Local concedeu a Pablo Lago Sanmartín licenza de obra maior para acondicionar un local e destinalo a estanco e licenza de apertura, na Avd. de Noia 20, baixo, Os Ánxeles, segundo proxecto redactado polo arquitecto técnico Alexandre Marcos Rodríguez.

A edificación (referencia catastral 6948905NH2464N0001GD) onde se van executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1) e atópase incurso na situación de “fora de ordenación”, segundo o artigo 90 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, ao resultar incompatible coas determinacións do planeamento urbanístico por estar afectada por viais.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Logo de rematadas as obras de ampliación e acondicionamento do local, deberá presentar a oportuna comunicación previa de actividade, de acordo co establecido ó respecto pola Lei 9/2013, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia, xuntando documento acreditativo do final de obra asinado polo redactor do proxecto de acondicionamento.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 100,66 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 165,23 euros.

**m)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Silja Molist López, que di actuar en representación de ANA MARÍA CARBALLO CASTRO, na que comunica que vai substituír a caldeira de gasoil e o acumulador existente por un sistema de aerotermia para calefacción e auga quente na vivenda sita en Bemil nº 31 – Bastavales, composto por unha bomba de calor a instalar no exterior da vivenda e un novo acumulador de 300 L.

A parcela (referencia catastral 7410718NH2471S0001TB) na que se pretenden executar as obras atópase clasificada como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A bomba de calor afastarase como mínimo a 3 metros dos lindeiros particulares da parcela.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 239,75 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 304,32 euros.

**n)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ana María Brenlla Romarís, que di actuar en representación de ANTÍA MATO BOUZAS, na que comunica que vai substituír a cobertura existente de fibrocemento dun alpendre sito na aldea de Mato - Luaña, por outra de fibrocemento sen amianto e tella cerámica curva por enriba.

A parcela (referencia catastral 9640107NH1494S0001QZ) na que se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 100,02 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 164,59 euros.

**o)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Cristina Santamaría Rodríguez, que di actuar en representación de BE CHARGE SRL SUCURSAL, na que comunica que vai instalar unha estación de recarga para vehículos eléctricos na estación de servizo Manzaneda, sita na estrada Santiago – Noia (AC-543) p.q. 9 – Os Ánxeles, consonte co proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico industrial Juan Castañeda Cano en data de 20.06.2025.

A parcela (referencia catastral 6948907NH2464N0001PD), na que se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 366,69 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 431,26 euros.

**p)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por AUGAS DE GALICIA, na que comunica que vai instalar 3 paneis divulgativos do risco de inundación na contorna da Área de Risco Potencial Significativo de Inundación do río Sar o seu paso polo Concello de Brión, a instalar sobre viario público, coincidentes coa fronte das seguintes parcelas:

- Parcela referencia catastral: 15013B505011000000MG na aldea de O Rial.
- Parcela referencia catastral: 15013B505021230000MS na aldea de Outeiro.
- Parcela referencia catastral: 7841404NH2474S0000JQ na aldea de Vilanova.

O ámbito sobre o que se instalan os carteis está clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural nos puntos da aldea de O Rial e de Vilanova, e como solo rústico de protección agropecuaria na aldea do Outeiro.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

**q)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LUCÍA MOURIÑO RODRÍGUEZ, na que comunica que vai realizar un novo acceso desde a estrada AC-300, no P.Q 0+080, marxe dereita a unha parcela sen edificar sita na Avda. dos Ánxeles. As obras consistirán en executar un rebaixe no punto de acceso do bordillo e da beirarrúa, repoiando esta nas mesmas condicións.

A parcela (referencia catastral 6546311NH2464N0001JD) na que se pretenden executar as obras atópase emprazada dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña (expediente IF205D/AC/2024/0209), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Cumpríranse as condicións recollidas da autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña (expediente IF205D/AC/2024/0209).
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 12,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 76,57 euros.

### **TERCEIRO .- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de JULIÁN RIVEIRO RODRÍGUEZ, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Outeiro 45 – Os Ánxeles.

Con data 07/03/2023 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a JULIÁN RIVEIRO RODRÍGUEZ e MARTA RIVEIRO CASAIS, para construír unha vivenda unifamiliar e piscina en O Outeiro 45, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 18/08/2022 (expediente 2204765) e documentación complementaria achegada con data 07/02/2023.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto F. Javier Fernández Echeverría con data 15.05.2025, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 12.06.2025, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

**b)** Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de JESÚS GARCÍA OTERO, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Estrar 41 – Os Ánxeles.

Con data 03/08/2021 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a JESÚS GARCÍA OTERO e MARÍA LUISA RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, para construír unha vivenda unifamiliar en Estrar 41, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 14.04.2021 e documentación complementaria visada o 13.07.2021 (expediente 2101820).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto F. Javier Fernández Echeverría con data 29.10.2024, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 02.12.2024, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Autorizar aos interesados o mantemento en precario do muro existente no fronte da parcela que se sitúa na porción obxecto de cesión ao concello con destino a viario público, co compromiso de proceder á demolición do muro de peche, sen indemnización algunha, no intre en que o concello o requira, e singularmente, cando se proceda polo concello á ampliación do viario, quedando entre tanto o muro en situación de fora de ordenación sen que poida levar a cabo no mesmo máis obras que as permitidas polo artigo 90 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

3º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

#### **CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).**

**a)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LUISANA CAROLINA QUINTERO HERNÁNDEZ, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de Mesón – Bar “O

ADRO" concedida pola Comisión de Goberno de data 27.10.1990 para o local comercial situado en Soigrex 8 – Os Ánxeles.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de José Oubel Casal, e preténdese poñer a nome de Luisana Carolina Quintero Hernández.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de Mesón – Bar "O ADRO" do local comercial situado en Soigrex 8 – Os Ánxeles, a nome de LUISANA CAROLINA QUINTERO HERNÁNDEZ, DNI: \*\*\*9500\*\*.

#### **QUINTO .- LICENZA DE OBRA MENOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar emprazada no lugar de Outeiro nº 44 – Os Ánxeles, abrindo unha gabia de 3 metros de lonxitude sobre un vial municipal segundo o proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez.

A vivenda obxecto de subministro (referencia catastral 8242725NH2484S0001QY) está dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1) e atópase dentro da zona de servidume dun regato.

A Xunta de Goberno Local, á vista da comunicación de declaración responsable de Augas de Galicia, de data 27.06.2024 (expediente DH.W15.101197), da autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de A Coruña, de data 06.05.2024 (expte 0233/2024) e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 679,27 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 135,85 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 200,42 euros.

#### **SEXTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Cristina Margarita Sánchez Vázquez, que di actuar en representación de JESÚS CHAVES BARCO, na que solicita licenza de segregación dunha parcela sita no lugar de Romarís – Bastavales, segundo proxecto técnico redactado pola

enxeñeira técnico agrícola Cristina Sánchez Vázquez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña e Pontevedra, (expte. nº 20250407).

**Descrición da parcela de orixe:**

Referencias catastrais: 15013B503010140000MA, 7907202NH2470N0001SK e 8209824NH2480N0001YX.

Superficie: 16.089,36 m<sup>2</sup> (segundo medición recente).

Lindes:

Norte: Secundina Sanmartín Arca (1012) e Florentina Verde Verde (1013).

Sur: camiño construído polo Servizo de concentración parcelaria.

Leste: Servizo nacional de concentración parcelara (1015) e Baldomero García Míguez (1016).

Oeste: Manuel Chaves Verde (1008) e José París Míguez (1009).

Sobre esta finca existen catro construcións, unha edificación principal dedicada a vivenda e almacén de planta baixa, semisoto, baixo cuberta e porche, dúas edificacións secundarias de planta baixa dedicadas a almacén e un hórreo. Ocupa o conxunto das edificacións un fundo sobre a finca de 228,44 m<sup>2</sup> e unha superficie construída de 350,73 m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre dous ámbitos de solo:

Parte: 2.639,10 m<sup>2</sup>, clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do concello (NRL-2).

Parte: 13.450,26 m<sup>2</sup>, clasificado como solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia para o solo rústico, en aplicación do disposto ó respecto pola súa Disposición transitoria primeira letra 2.d).

**Segregación pretendida:**

**Parcela segregada A:**

Superficie bruta: 1.783,29 m<sup>2</sup>

Superficie de cesión: 126,06 m<sup>2</sup>

Superficie neta: 1.657,23 m<sup>2</sup> ( a 5,5 m do eixe do camiño).

Sobre esta finca existen catro construcións, unha edificación principal dedicada a vivenda e almacén de planta baixa, semisoto, baixo cuberta e porche, dúas edificacións secundarias de planta baixa dedicadas a almacén e un hórreo. Ocupa o conxunto das edificacións un fundo sobre a finca de 228,44 m<sup>2</sup> e unha superficie construída de 350,73m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: resto de finca matriz.

Sur: camiño construído polo Servizo de concentración parcelaria.

Leste: resto de finca matriz.

Oeste: Manuel Chaves Verde (1008).

Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural (NRL-2).

**Parcela segregada B:**

Superficie neta: 855,81 m<sup>2</sup> (non linda con vial).

Lindes:

Norte: Florentina Verde Verde (1013)

Sur: resto de finca matriz.

Leste: Servizo nacional de concentración parcelaria (1015).

Oeste: resto de finca matriz.

Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural (NRL-2).

### **Resto da finca matriz**

Superficie: 13.450,26 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: Secundina Sanmartín Arca (1012).

Sur: camiño construído polo Servizo de concentración parcelaria.

Leste: Baldomero García Míguez (1016).

Oeste: Manuel Chaves Verde (1008) e José París Míguez (1009).

Clasificación urbanística: Solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e aceptar a cesión dos terreos de 126,06 m<sup>2</sup>, ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 193,71 euros.

Total: 193,71 euros.

### **SÉTIMO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de PASCUAL GALLEGRO DELGADO, na que solicita a modificación da licenza concedida para construír unha vivenda unifamiliar, edificación auxiliar e piscina en Casaldoeiro 13 – Bastavales, segundo o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 28.11.2023 (expte. 2306044).

Antecedentes de feito:

1.- En sesión da Xunta de Goberno Local de data 26.03.2024, concedeuse licenza a PASCUAL GALLEGRO DELGADO para a construción dunha vivenda unifamiliar, edificación auxiliar e piscina en Casaldoeiro 13 – Bastavales, segundo o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 28.11.2023 (expte. 2306044).

En data 26.05.2025 solicítase modificación da licenza segundo o “Reformado de básico e de execución de vivenda unifamiliar, edificación auxiliar e piscina” redactado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 19.05.2025 (expte. 2306044).

O motivo da solicitude é a reordenación do volume e da distribución interior, sen modificar a implantación da edificación no terreo, reducindo a edificabilidade, a ocupación e a superficie construída.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a modificación da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do 26.03.2024, a favor de PASCUAL GALLEGOS DELGADO para a construción dunha vivenda unifamiliar, edificación auxiliar e piscina en Casaldoeiro 13 – Bastavales, conforme co “Reformado de básico e de execución de vivenda unifamiliar, edificación auxiliar e piscina” redactado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 19.05.2025 (expte. 2306044) e manténdose no demais as condicións da licenza inicial que despregará tódolos seus efectos salvo no referido ás presentes modificacións, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: - 43,47 euros.

Total: - 43,47 euros.

#### **OITAVO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE VAO PERMANENTE.**

a) Deuse conta dunha instancia asinada por MARÍA TABOADA AMENEIRO, na que solicita o cambio de titularidade da licenza de vao permanente núm. 02/2011, sito na Avda. dos Ánxeles nº 38-G, concedida pola Xunta de Goberno Local do 05.04.2011 a nome de Constantino Crisman Mourinho.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de vao permanente núm. 2/2011 da Avda. dos Ánxeles nº 38-G, a nome de María Taboada Ameneiro.

2º) Notificar este acordo á interesada, e dar traslado a tesourería para ter en conta na confección do padrón fiscal.

#### **NOVENO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

A 1ª tenente de alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,25 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González